



Ordes, 13 de novembro de 2008. ADEGA ven de celebrar onte unha asemblea dos socios/as da **Delegación de Ordes-Cerceda** na que se escolleu unha nova Xunta Directiva. A delegación de ADEGA na comarca de Ordes-Cerceda constiuiuse hai xa 8 anos e agora vese reforzada coa incorporación de novos as socios/as, nomeadamente de Ordes. Os concellos que formarán parte da nova delegación ampliada son:

**Carral, Cerceda, Frades, Mesía,
Ordes,
Trazo,
e
Tordoia**

. Dende ADEGA-nacional animamos a toda a veciñanza da comarca a participar nas actividades da delegación e tentar solucionar os seus graves problemas ambientais.

Coa escolla da nova Directiva preténdense dar un pulo á actividade ecoloxista na comarca de Ordes desenvolvendo actividades tanto reivindicativas como de educación ambiental para aumentar a conciencia ecolóxica dos habitantes da comarca e máis facer fincapé nos graves problemas ambientais da zona. De feito nesta Delegación de Ordes-Cerceda existen infraestruturas tan impactantes como a incineradora de Sogama, o vertedeiro de Areosa, a central térmica de Meirama, a mina de carbón Meirama (cun proxecto de enchido de auga pendente) e concentracións parcelarias, sobre todo no Concello de Ordes. Tamén os socios e socias de ADEGA-Ordes-Cerceda destacan a súa preocupación pola existencia dunha planta de elaboración de bioetanol a partir de plásticos no Concello de Cerceda. Para abordar este inxente traballo escolleuse unha nova Xunta Directiva que estará formada de momento polas seguintes persoas:

(Ordes)
(Ordes)
Sánchez (Cerceda)

PRESIDENTA: Montserrat Rei (Ordes)
SECRETARIO: Óscar Martínez
TESOUREIRA: Pilar Ribera
VOGAL: Alberte

VOGAL: Peter Brea (Carral)